

PROXECTO EDUCATIVO

CPI TERRAS DE MASIDE

ÍNDICE:

1.-SINAIS DE IDENTIDADE DO NOSO CENTRO

2.- OBXECTIVOS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO

3.-MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

4.- PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN

4.1.- Uso do móvil

4.2- Recreos

4.3.-Gardas

4.4.- Protocolo acollida profesorado novo

4.5.- Folga do alumnado

5.- ASPECTOS ORGANIZATIVOS

5.1.-Medidas organizativas polos que non opten polas ensinanzas de relixión.

5.2.-Criterios para o agrupamento do alumnado e planificación educativa de espazos e organización do tempo en EI.

5.3.-Medidas organizativas e pedagóxicas para o período de adaptación en EI.

5.4.-Plan específico para o alumnado que permanezca un ano máis no mesmo curso (plan de recuperación)

5.5.-Medidas organizativas pata alumnado exento de segunda lingua estranxeira.

6.- ASPECTOS CURRICULARES

6.1.- Horas de libre configuración.

6.2.-Tratamento dos elementos transversales.

6.3.-Criterios de promoción

7.- CRITERIOS PARA OUTORGAR AS MENCIÓNS HONORÍFICAS E/OU MATRÍCULAS DE HONRA.

8.- ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

9.- ACCIÓN TUTORIAL:

PAT

10.-PLANS E PROXECTOS

PAD

PLAN DE CONVIVENCIA

PLAN DE IGUALDADE

PLAN DIXITAL

PROXECTO LINGÜÍSTICO

PROXECTO LECTOR

NOF

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

11.- OBSERVACIÓNS E CONCLUSIÓNS.

1.-SINAIS DE IDENTIDADE DO NOSO CENTRO

Pretenden expresar a postura do noso Centro respecto a determinadas conviccións sociais, ideolóxicas e pedagóxicas. As características que definen basicamente a nosa escola son as seguintes :

1. Educación nos valores dunha sociedade democrática :
 - Unha educación non discriminatoria orientada á igualdade de tódalas persoas, independentemente da raza ou cultura á que pertencen.
 - O respecto ó pluralismo de ideas.
 - Unha educación que preconice a paz como valor supremo.
 - Unha educación para a igualdade, sen discriminacións por razóns de sexo.
 - Unha educación que faga fincapé no respecto hacia o medio ambiente e na necesidade de colaborar para que cada día sexa máis saudable

2. A lingua galega será o vehículo de expresión utilizado normalmente nas relacións e actividades do Centro, é que sexa o 50% as materias do currículo que se impartan en galego.

3. O CPI Terras de Maside defínese ideoloxicamente pluralista, tanto no aspecto político como no relixioso. Intentarase en todo momento que o alumnado reciba as informacións do xeito máis obxectivo posible, para que eles mesmos poidan analizar a realidade dun xeito crítico e elabora-las súas propias opinións sobre a mesma.

4. O Centro asumirá un modelo de xestión institucional democrático que contemple a participación activa de tódolos sectores que forman a comunidade educativa : profesores/as, nais/, alumnado e persoal non docente.

5. Ofreceranse respostas educativas adaptadas ás diferencias individuais do alumnado.
Partindo de que o feito educativo é algo ligado á diversidade dos seres humanos, o CPI Terras de Maside intentará planificar un conxunto de medidas educativas que favorezan o proceso individual de adquisición de coñecementos por parte do alumnado.

6. A metodoloxía a seguir basearase nas seguintes liñas fundamentais :

- O labor educativo basearase no respecto mutuo, no diálogo, na reflexión, na colaboración e na solidariedade.
- Desenvolver o espírito crítico no alumnado, de xeito que sexan capaces de interpreta-la realidade e participar na transformación da mesma dun xeito responsable.
- Conseguir do alumnado actitudes abertas e receptivas ós cambios.
- Traballar con métodos activos, non autoritarios, que fomenten a participación do alumno no proceso de aprendizaxe.
- Favorecer a apertura do colexio ó entorno para dar un sentido social e contextual a toda a comunidade educativa.
- Facilitar modelos das actitudes que se queren desenvolver, incentivando e promovendo comportamentos coherentes con ditos modelos.

2.- OBXECTIVOS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO

- 1.- Desenvolver a acción educativa nun clima equilibrado, acolledor, democrático e tolerante.
- 2- Acomodar as estratexias de ensinanza ás necesidades do alumnado, poñendo especial interese naqueles que teñan necesidades educativas especiais.
- 3- Proporcionarlle aos alumnado unha adecuada orientación persoal, escolar e profesional mediante un sistema adecuado de tutorías e coa coordinación do Departamento de Orientación.
- 4- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado coa finalidade de propiciar a coherencia nas súas accións. Ó mesmo tempo, desenvolver o interese polo traballo cooperativo entre os alumnos.
- 5- Realizar unha xestión administrativa e económica do Centro participativa e transparente.
- 6- Favorecer a socialización do alumnado a través da comunicación, participación, colaboración...
- 7- Asumir a coeducación como un intento de educar para a igualdade.
- 8- Fomentar todo tipo de actividades que favorezan a proxección externa da escola e a súa conexión coa realidade social.

- 9- Conseguir que os servicios complementarios do Centro, especialmente o comedor escolar cumpran tamén unha función educativa en canto a hábitos hixiénicos , alimenticios, etc.
- 10- Desenvolver actitudes de respecto e solidariedade con outras culturas e razas, favorecendo a súa integración na comunidade educativa cando sexa o caso.
- 11- Conseguir a continuidade e coherencia de todas as etapas do sistema educativo obrigatorio.
- 12- A asunción da lingua galega como lingua oficial do Centro, coidando que a vida administrativa do mesmo e as relacións coa comunidade educativa se fagan neste idioma para así contribuír á súa normalización.
- 13- O avance progresivo no campo das materias a impartir en galego para garantir a plena competencia do alumnado nas dúas linguas oficiais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 1.- Disminuir o fracaso escolar do alumnado.
- 2.- Atender á diversidade do alumnado.
- 3.- Mellorar a disciplina do centro.
- 4.- Dar maior rendemento ás potencialidades do centro.
- 5.- Actualizar e utilizar a páxina web do centro coa colaboración de toda a comunidade escolar.
- 6.- Aplicación e uso das TIC na aula. Utilización da AULA VIRTUAL do centro por parte do profesorado e alumnado
- 7.- Formar ó alumnado e profesorado en Mediación.. Farase a través do departamento de Orientación en colaboración cos titores/as.
- 8.- Profundizar no clima de traballo e respecto entre todos os sectores que conforman a comunidade escolar.
- 9.- Preparar ó alumnado na súa formación académica, orientándoo en todo momento.
- 10.- Fomentar a adquisición de destrezas e hábitos básicos de comportamento que contribúan a un desenvolvemento integral na formación do alumnado, prestando

especial atención á adquisición das competencias básicas e á adquisición de hábitos de hixiene.

11.- Estimular ó alumnado á reflexión, á participación e á crítica dentro dun marco de tolerancia, comunicación e respecto que favorezan a convivencia.

12.- Potenciar a actitude non sexista nos distintos marcos de actuación.

13.- Fomentar o coñecemento doutros idiomas como medio de completar a formación do alumnado con vistas á súa incorporación á sociedade.

14.- Incidir en valores como a tolerancia e respecto que favorezan a integración do alumnado de diferentes nacionalidade e de etnia xitana.

Os obxectivos de educación para a democracia pasan por facilitar e potenciar a participación de todos os colectivos que compoñen a comunidade escolar, fundamentalmente o alumnado, en todos os aspectos da vida do centro.

3.-MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

1.- Funcionamento dun aula de mediación así como un programa de formación de mediadores/as.

2.- Para atender á diversidade estanse a tomar as seguintes medidas:

Ed. Primaria :

- Apoio na aula por parte do profesorado, que ten asignadas horas para esas funcións, e que están á vez que o titor/a.

- Profesorado de PT e AL, apoiando na aula ou noutra aula.

- Apoio ó alumnado de etnia xitana.

ESO:

- Agrupamentos en MAT, LG e LC, e se hai profesorado, noutras materias.

- Apoio do profesorado de PT e AL.

- Programa PROA+ para 1º e 4º ESO

3.- Utilización do ordenador e canón nas aulas (todas as aulas dispoñen de ordenador, canon e pantalla ou pantalla interactiva)

4.- Utilización da aula de informática e/ou cibersalón por parte de todo o profesorado e alumnado.

5 - Utilización da biblioteca por parte de toda a comunidade educativa . Pertenecemos ao PLAMBE dende o ano 2011.

HORARIOS

O centro permanece aberto á comunidade educativa todos os días da semana pola mañá dede as 7:30 ás 9:00, co programa DESPERTA, e de 16:30 a 18:00, desenrolando as actividades ofertadas pola ANPA.

O horrio lectivo do alumnado é de 9:30 a 16:30, de luns a xoves, e de 9:30 a 14:55 os venres.

Durante o tempo que non hai alumnado no centro (setembro, xuño e xullo) o centro permanecerá aberto de 10:00 a 14:00

4.- PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN:

4.1.-Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos

O DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar no punto 4 do artigo 19 sobre Normas de convivencia di “Así mesmo, prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Excepcionalmente, os centros poderán establecer normas para a correcta utilización como ferramenta pedagóxica”

PAUTAS DO USO DO MÓBIL/DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS:

No CPI Terras de Maside recomendamos a todo o alumnado a asistencia ó centro escolar sen móbil (o centro ten teléfonos a disposición do alumnado en todo momento, para os casos de emerxencia que o precisen. Só teñen que acudir á dirección ou conserxería para poñerse en contacto coa súa familia. Tamén a familia do alumnado, pode chamar en calquera momento ó centro para localizar o seu fillo/a en caso de necesidade)

Debido ó uso indiscriminado que se fai do móbil: o alumnado perde a concentración durante as explicacións, non se relaciona cos compañeiros no recreo, teñen baixo rendemento, hai problemas de convivencia e lembramos tamén que pode provocar casos de adicción.

Se pese a recomendación da asistencia ó centro escolar sen móbil o alumnado decide traelo, na aula e en todo o recinto escolar (tamén durante o recreo) o móbil estará sempre gardado e en silencio, así como fora da vista, salvo solicitude expresa do profesorado.

CONSECUENCIAS DO USO INCORRECTO DO USO DO MÓBIL/DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS:

O profesorado poderá requisar o móbil/dispositivo electrónico ó alumnado se non segue as normas do seu uso.

O dispositivo quedará en custodia do Equipo Directivo (previa entrega ó propietario da batería e/ou SIM se así o solicitase o alumnado) nunha bolsa plástica co nome.

O uso indebido do móbil xerará as correccións disciplinarias que correspondan.

Para recuperar o móbil se o alumnado é menor de idade serán os pais/titores legais os que teñan que pasar polo centro escolar a recollelo á hora de saída do centro, se o alumnado é maior de idade poderá recollelo el mesmo á hora de saída do centro.

En caso de que o alumnado se negue a entregarlle o dispositivo electrónico ó profesorado no caso de uso incorrecto, o equipo directivo procederá a facer os trámites para a expulsión do alumnado do centro durante un día lectivo, previa notificación a súa familia.

En ningún caso o centro se responsabiliza da perda ou roubo de calquera aparato ou obxecto que non sexa preciso para o proceso de aprendizaxe do alumnado, correspondendo ó alumnado a súa garda e custodia.

Profesorado, alumnado e familias están informados/as destas normas.

4.2.-Recreos

Como norma xeral, durante o recreo da mañá o alumnado distribuirase nos patios do seguinte xeito:

EI, 1º EP, 2º EP no patio cuberto inferior

3º EP, 4º EP no patio descuberto

5º EP, 6º EP no patio cuberto superior

ESO: distribuirase nos patios de recreo

En caso de choiva, no recreo da mañá o alumnado distribuirase da seguinte maneira:

EI, 1º EP, 2º EP: patio cuberto inferior

3º EP, 4º EP, 5º EP, 6º EP: patio cuberto superior

ESO: patio cuberto superior

O recreo de mediodía, distribúese da mesma maneira .

É importante lembrar que cando as condicións meteorolóxicas son adversas non se permiten xogos de equipo nas zonas cubertas nin a utilización de balóns ou doutro tipo de material que poida perturbar.

4.3.-Organización das gardas

GARDAS DE TRANSPORTE

O profesorado de garda de alumnado transportado (custodia) deberá acompañar ao alumnado ata que marche no autobús ou sexa recollido pola persoa responsable, salvo no caso do alumnado con autorización para marchar só (casos particulares de alumnado de 5º, 6º e ESO). No caso de que haxa algunha incidencia na marcha do alumnado deberán esperar ata que se resolva dita incidencia.

No caso de que un alumno/a sexa recollido con retraso de xeito reiterado e sen causa xustificada, tras dar o aviso á familia, se continúan retrasándose, informaríase á Garda Civil.

No caso de que un alumno/a non sexa recollido por ninguén cando chegue ao seu destino na parada de autobús, iniciarse o protocolo a seguir polo transporte escolar.

GARDAS DE PATIO

En todas as etapas hai organizado un número concreto de profesorado de garda.

En E. Infantil e E. Primaria o profesorado distribuirase de maneira que haxa dous de garda no patio cuberto inferior e dous entre o patio descuberto e o patio cuberto superior.

Na ESO realizan a vixilancia dous profesores/as en sector A-B.

Asegurarémos que ningún alumno/a quede dentro do edificio.

Soamente quedará dentro o alumnado usuario da biblioteca.

Debe haber puntualidade á hora de saír ás gardas de recreo.

GARDAS DE CLASE

Na medida do posible, o profesorado terá varias sesións de garda de clase destinadas a cubrir as necesidades do centro educativo en canto a faltas de asistencia doutro profesorado e, no seu defecto, preparación de material escolar.

Cando hai máis dunha persoa de garda na mesma sesión, intentaranse rotar estas gardas semanalmente.

GARDAS COMPLEMENTARIAS

A orde preferente a seguir na realización de gardas ante a ausencia de profesorado será:

Infantil e Primaria:

1º- profesorado de garda de clase

2º- profesorado de apoio

3º- profesorado con dinamización

4º- profesorado PT- AL

5º- xefatura de estudos

Secundaria:

1º- profesorado de garda de clase

2º- profesorado de reforzo

3º- profesorado con xefatura de departamento

4º- profesorado PT-AL

5º- xefatura de estudos

Con respecto ás actividades a realizar despois do horario lectivo (Extraescolares, Escolas Deportivas...) as persoas responsables son as seguintes:

- Actividades Extraescolares:

1. Monitor/a

2. Membro ANPA

- Escolas Deportivas:

1. Adestrador/a

2. Coordinador/a

3. Equipo Directivo

4.-4.-PROTOCOLO ACOLLIDA PROFESORADO NOVO

Ao comezo de curso proporcionaráselle ao profesorado de nova incorporación a seguinte documentación:

1. DATOS DO CENTRO

2. HORARIOS DO CENTRO

3. HORARIO PROFESORADO
4. HORARIO AULAS
5. CALENDARIO ESCOLAR
6. NORMAS XERAIS DO CENTRO
7. DISTRIBUCIÓN DE AULAS
8. LISTAXE DE GRUPO
9. ORLA DO GRUPO
10. INFORMACIÓN DE FALTAS DO ALUMNADO
11. TITORÍAS E ADSCRICIÓNS DO PROFESORADO
12. GUIÓN PARA ELABORAR AS PROGRAMACIÓNS E MEMORIAS
13. PLANOS DO CENTRO

Por outra banda, farán un recorrido polo centro para que conozcan as instalacións.

4.5.- FOLGA ALUMNADO

A Lei orgánica 2/2006 de Educación (LOE), no punto 5 da disposición derradeira primeira, de modificación da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, establece:

Ao artigo 8 da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación, engádesse un novo parágrafo coa seguinte redacción:

“Co fin de estimular o exercicio efectivo da participación do alumnado nos centros educativos e facilitarlle o dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións en que os seus alumnos poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopte o alumnado a partir do terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia a clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro”.

Aspectos a ter en conta:

1. A falta colectiva de asistencia a clases será considerada unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia no centro a menos que conte coa autorización da dirección e da comisión de convivencia.

Esta autorización só se concederá cando sexa solicitada por escrito, xustificando os motivos, pola xunta de delegados, previo debate nas aulas sobre a base dalgunha causa grave ou da convocatoria dunha organización legalmente constituída.

En calquera caso, debe garantirse que os alumnos que voluntariamente desexen asistir ás clases poidan facelo.

2. O alumnado de 1º ESO e 2º de ESO non pode facer folga en ningún caso, mesmo cando haxa unha convocatoria por parte dalgunha organización estudantil. Só teñen dereito a facer folga a partir de 3º ESO.

3. Para que a falta de asistencia colectiva sexa considerada como xustificada, cómpre que previamente se reúnan e informen á dirección do centro. Deberase seguir o procedemento arbitrado pola dirección e establecido nas normas do centro. A dirección garantirá o dereito de reunión, así como o dereito de asistencia ás clases do alumnado que non secunde a convocatoria de folga.

Procedemento a seguir ante a convocatoria de folga do alumnado:

1. Xunta de delegados/as:

- Comunicar á dirección do centro a intención de reunirse para debater e adoptar unha postura.
- Levantar acta de reunión coa decisión adoptada e entregala á xefatura de estudos.

2. Delegados/as:

- Informar ao grupo das decisións adoptadas na reunión de xunta de delegados/as.
- Debater na aula durante un recreo ou sesión de tutoría a toma de postura ao respecto e informar desta ao seu titor/a ou á xefatura de estudos.
- Achegar á xefatura de estudos un listado coa relación e sinatura dos participantes.

3. Titores/as:

- Facilitar ao alumnado o documento de comunicado ás familias e xustificación de folga.
- Recoller as xustificacións devoltas e rexistrar a ausencia como xustificada.

4. Alumnos/as:

- Entregar á súa familia o comunicado para, se é o caso, secundar e xustificar a folga.

- Devolver a xustificación asinada ao titor/a.

5. Familias:

- Comunicar ao centro coa maior brevidade posible, a súa conformidade ou non coa participación na folga do seu fillo/a.

Observacións:

-Os pais, nais e titores legais manteñen a potestade de decidir se os seus fillos/as fan ou non folga individualmente. Se desexan saber se o seu fillo/a fai folga ou non, con independencia do que este dixera na casa, poden chamar ao centro para contrastar a información.

-Resulta evidente que aquel que exerza ese dereito, farao durante toda a xornada, é dicir, non poderá asistir a unhas clases si e a outras non.

-Ao alumnado que comunique estar en folga constaralle como unha falta de asistencia xustificada, sempre que os seus pais estean de acordo e a xustifiquen.

-O alumnado que decida non apoiar este tipo de medidas e asista ao centro, terá clase, pero non se dará materia nova e cambiarase a data de exame se o houbera.

-Serán consideradas faltas as actuacións encamiñadas a prexudicar o desenvolvemento das actividades lectivas.

-Non se aceptarán xustificacións por folga a posteriori.

Compromisos educativos entre familias e centro

5.- ASPECTOS ORGANIZATIVOS:

5.1.-Medidas organizativas polos que non opten polas ensinanzas de relixión.

- No momento da matriculación do alumno no centro, presentarase á familia a oferta educativa do Centro, en canto ao ensino da Relixión. Poderán os pais/nais nese momento, solicitar por escrito que o seu fillo/a reciba ensino relixioso. (Esta opción poderá ser modificada, soamente ao comezo de cada curso escolar).
- Alumnado, cuxos pais/nais non soliciten ensino da Relixión, pasarán a recibir Atención Educativa/ Valores Sociais e Cívicos/ Proxecto Competencial, conforme establece a normativa.
- Do mesmo xeito, o profesor/a da área de Relixión terá coñecemento inmediato das listaxes daqueles alumnos/as participantes no ensino da súa Área.

- Nas reunións conxuntas de pais/nais, o titor/a informará ás familias do plan de actividades que se desenvolven nos tempos de Atención Educativa/ Valores Sociais e Cívicos/ Valores Éticos/Proxecto Competencial.

5.2.-Criterios para o agrupamento do alumnado e planificación educativa de espazos e organización do tempo en EI.

[Decreto 150/2022](#)

5.3.-Medidas organizativas e pedagóxicas para o período de adaptación en EI.

[Decreto 150/2022](#)

5.4.-Plan específico para o alumnado que permanezca un ano máis no mesmo curso (Plan de recuperación)

5.5.-Medidas organizativas para alumnado exento de segunda lingua estranxeira.

Exención de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira

DESTINATARIOS	O alumnado dos cursos primeiro e segundo da ESO que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas.
PROCEDEMENTO	<p>Para o alumnado de 1º da ESO:</p> <ul style="list-style-type: none"> • No caso do alumnado de 6º de educación primaria, na sesión da 3ª avaliación, realizarase unha proposta de alumnado exento de cursar a 2ª Lingua Estranxeira en 1º e 2º da ESO. O profesorado titor, coa colaboración do departamento de orientación, elaborará un informe e recollerá a opinión da familia do alumnado proposto. • No caso do alumnado que vaia repetir 1º da ESO e cursara a 2ª Lingua Estranxeira, a proposta da exención realizarase na sesión de avaliación extraordinaria de setembro. O profesorado titor, coa colaboración do departamento de orientación, elaborará un informe e recollerá a opinión da familia do alumnado proposto para quedar exento de cursar a 2ª Lingua Estranxeira. <p>Para o alumnado de 2º da ESO:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Para o alumnado que promocióne a 2º de ESO ou repita 2º ESO e cursara a 2ª Lingua Estranxeira, a proposta da exención realizarase na sesión de avaliación extraordinaria. O profesorado titor, coa colaboración do departamento de orientación, elaborará un informe e recollerá a opinión da familia do alumnado proposto

	<p>para quedar exento de cursar a 2ª Lingua Estranxeira.</p> <ul style="list-style-type: none"> - De xeito excepcional, na sesión de avaliación inicial do 1º e 2º curso, poderá proporse algún alumno ou alumna non proposto inicialmente. - A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida.
RESPONSABLES DA IMPARTICIÓN DO REFORZO EDUCATIVO	<ul style="list-style-type: none"> - Nas dúas horas semanais da 2ª Lingua Estranxeira, o alumnado exento recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades. - Corresponderalle, preferentemente, ao profesorado dos departamentos de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura.
REXISTRO	Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.

6.- ASPECTOS CURRICULARES:

6.1.- Horas de libre configuración.

Educación Primaria: 4º e 6º EP: Afondamento en

ESO: 1º ESO Afondamento en L. Galega 2º ESO Afondamento en L. Castelá

6.2.- Tratamento dos elementos transversales.

6.3.- Criterios de promoción

Currículo de Educación Primaria [Decreto 155/2022](#)

Currículo de Educación Infantil [Decreto 150/2022](#)

[Catálogo centros EI, EP e EE](#)

- [Modificación \(agosto do 2022\) do catálogo \(2010\)](#)

Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI e EP curso 22-23 [Resolución do 26/05/22](#)

Avaliación e promoción en Educación Primaria

- [Actualización da Orde do 09/06/16 \(Orde 25/01/22\)](#) - [Orde do 9/06/16](#) - [Corrección erros](#)

- Circular pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 - [Circular 1/2022](#)

- Regulación do dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e reclamación das cualificacións: [Orde do 02/03/21](#)

LOMLOE - Lei 3/2020 [Calendario de implantación](#)

Currículo de Educación Secundaria Obrigatoria [Decreto 156/2022](#)

Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de ESO curso 22-23 [Resolución do 26/05/22](#)

Regulación do dereito do alumnado á obxectividade na avaliación [Orde do 2 de marzo de 2021](#)

LOMLOE - Lei 3/2020 [Calendario de implantación](#)

[Implantación currículum ESO e Bacharelato](#)

- [Instrucións para o curso 19-20](#)

Materias de libre configuración autonómica para secundaria e bacharelato

- [Ampliación da oferta \(Orde 07/08/2018\)](#) - [Ampliación da oferta \(Orde 13/07/2016\)](#) - [Currículo e oferta \(Orde 15/07/2015\)](#)

Criterios de promoción en Educación Primaria

- Promocionan de curso se superan todas as áreas do curso.
- Poderán promocionar con avaliación negativa nalgunha área se non son simultaneamente dúas das seguintes: lingua castelá, lingua galega ou matemáticas. Neste caso a decisión tomarase na xunta de avaliación tendo, especialmente, en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Criterios de promoción na ESO

- Promocionan de curso se superan todas as materias cursadas ou teñen avaliación negativa en 2 materias como máximo.
- Repiten curso con avaliación negativa en 3 ou máis materias, ou en 2 materias que sexan Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas de forma simultánea.
- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO compútanse como materias distintas.
- Valorarase adoptar unha decisión extraordinaria no caso de ter avaliación negativa en tres materias cando non sexan Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura e

Matemáticas de forma simultánea. (**también podría valorarse siguiendo la legislación**
)

Os aspectos que o equipo docente terá en conta na valoración son:

- Grao de adquisición das competencias e dos obxectivos da etapa.
- Posibilidades de éxito no curso seguinte.
- Expectativas favorables de recuperación.
- Beneficios da promoción na súa evolución educativa.

A decisión será adoptada de xeito colexiado polo conxunto de profesores e profesoras do alumno ou da alumna respectivo/a. No caso de non haber unanimidade, na xunta de avaliación farase unha votación. Adoptarase a decisión de promoción por voto favorable da maioría simple dos asistentes á xunta de avaliación.

- Quen promociione sen superar todas as materias seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente no curso seguinte.

Criterios de titulación na ESO

- Para a obtención do título de ESO requirirase unha avaliación positiva en todas as materias cursadas na etapa, ou negativa nun máximo de dúas materias sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- Será necesario que o equipo docente considere que ten acadados os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.
- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO compútanse como materias distintas.

7.- CRITERIOS PARA OUTORGAR AS MENCIÓNS HONORÍFICAS E/OU MATRÍCULAS DE HONRA.

Criterios para Matrícula de honor (ESO) e Mención de honor (6º EP).

Neste punto faise unha diferenciación entre o concepto de matrícula de honor en 4º ESO e Mención honorífica de 6º de Primaria.

En 6º Primaria, non se establece un número limitado de alumnado ao que se lle poda conceder a Mención Honorífica (Mención de Honor), pero debe cumprirse

que:

- A nota media dos cursos de toda a etapa de Primaria sexa de valor igual ou superior a 9.

- A nota media das Competencias de 6º curso sexa de sobresaliente.

En 4º ESO, establécese o límite de 1 alumno/a para conceder a Matrícula de Honor. Como se debe levar a cabo un criterio de selección escrupuloso seguiranse os seguintes criterios por orde (se máis dun alumno/a cumpre o criterio 1, desempataríase con criterio2, se cumpren o criterio 2 pásase ao 3 e así sucesivamente):

-Nota media de toda a ESO igual ou superior a 9.

-Nota media das Competencias en 4º Eso (igual ou superior a 9).

-Nota media en 4º ESO (igual ou superior a 9).

-Número de sobresalientes na ESO.

8.- ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

GUIÓN BÁSICO DAS PROGRAMACIÓNS

A partir deste curso as programacións dos curso LOMLOE elabóranse co Proens

As programacións didácticas, para os cursos LOMCE, incluirán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

1. Introducción e contextualización.
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.
3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:
 - 4.1.. Temporalización.
 - 4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.
 - 4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
11. Medidas de atención á diversidade.
12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
13. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

9.- ACCIÓN TITORIAL:

PAT

10.-PLANS E PROXECTOS

PAD

PLAN DE CONVIVENCIA

PLAN DE IGUALDADE

PLAN DIXITAL

PROXECTO LINGÜÍSTICO

PROXECTO LECTOR

NOF

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

11.- OBSERVACIÓNS E CONCLUSIÓNS.